

EDUCADORA SEXUAL E FEMINISTA

"Con respecto á sexoloxía considero que a educación afectivo sexual é unha tarefa pendente na sociedade, entendendo a sexualidade como unha dimensión sociolóxica, biolóxica e psicolóxica que está presente toda a nosa vida, diferenciando entre sexualidade e sexo, que son cousas completamente distintas.

Cando fun vivir a Madrid descubrín a través da tenda de xoguetes eróticos "Os praceres de Lola" que había un mundo máis aló do puramente físico na sexualidade. Un xoguete é soamente un instrumento, mentres que o teu corpo é un espazo de pracer que non podes deixar de desenvolver".



Chámone Jean, en portugués é Jeane e nacín no Brasil, nun estado que se chama Minas Gerais, famoso polas minas de minerio, despois fun vivir a Río de Janeiro coa miña familia e ao longo dos anos, cando eu tiña oito, miña nai veu para España. Dos oito aos vinte e un anos perdemos contacto, foron trece anos sen saber nada dela, até que aos vinte e un apareceu na porta da casa de miña avoa. Foi bastante shock porque trece anos de perda de contacto é un espazo longo de moita xestión emocional pola vivencia do abandono tamén.

Estudei un Mestrado Superior de Educación no Brasil e aos vinte e un anos deixo a miña vida de funcionaria que desenvolvía traballando nunha gardería de bebés de 0-2, e decido vir a coñecer a unha nai que non tivera presente trece anos. Abandono unha relación de parella coa que me ía casar e construír unha casa, porque no Brasil con vinte e un anos estás pensando en casar e ter fillos, deixo un posto de funcionaria e veño vivir a España con ela. A relación é bastante difícil porque tiñamos vidas completamente distintas, pero a raíz diso instálome en Torre Vieja. En Alicante sentíame prisioneira dunha cidade que non respondía para nada ao que eu buscaba, era unha cidade turística e a oferta cultural bastante escasa, polo que decido ir vivir a Madrid e volver a estudar.

Unha fin de semana en Murcia, no festival Mar de Músicas de Cartagena, coñezo un rapaz da Coruña co que rematei desenvolvendo unha relación de sete anos, motivo polo que finalmente vin vivir para aquí, bendita hora, porque era consciente de que me faltaba o mar, máis non era consciente da beleza e da importancia que ten o mar na miña vida. A relación rematou, pero Coruña segue a ser a miña cidade de residencia, o meu lugar de poder. Síntome afortunada de que a vida me trouxera desde unha cidade co mar Atlántico que é Río, que ten cores e temperaturas moi parecidas, a outra como A Coruña que tamén está bañada polo mesmo océano.

Aquí desenvolvo a miña actividade como sexóloga, traballo en obradoiros para adolescentes, para nenos, para familias, e acompaño a persoas con algunhas dificultades eróticas tamén na súa vida individual e de parella.

Da escolla laboral

A miña orientación laboral está enfocada ás persoas, a anécdota de nena é que eu quería ser enfermeira, inda que non podía ver o sangue. De feito, meu pai sempre lembra que o que me gustaba moito era ler, aos doce anos lía tanto libros de Milan Kundera como a Playboy, como meu pai estaba suscrito, inda que non me motivaba ver o corpo das mulleres, de vez en cando viñan unhas reportaxes interesantes de universidades, viños, etc que me gustaban, e que cando meu pai chegaba á casa dicíame, pero que fas?

Tamén me gustan moito os idiomas, por iso fun a Francia a estudar, tanto me gustan os idiomas que quixen aprender outro que era a lingua de signos, porque o feito de vivir nun país onde non serei nunca de aquí, fai que me preocupe por colectivos que teñen menos voz na sociedade. Tamén teño moito interese por afondar en cuestións como a miña raíz afrodescendente, ao ser e vivirme como unha persoa racializada.

De feito aquí recoñeces que es preta, que es negra, no Brasil iso non acontece porque hai moitos matices, pero aquí descubres que a xente lémbrache que es diferente, o primeiro que che preguntan cando te ven é, de onde es? Moitas veces gústame contestar que son de aquí porque vivo aquí, nacín alá e síntome de alá tamén, pero son de aquí. A mirada despois de pasar por este proceso é que tentas disimular de onde ves e incorporarte á sociedade onde estás, pero é a mirada das outras persoas a que sinala que ti non es de aquí.

Feminismo en Jeane

Hai un vídeo marabilloso no youtube que recomendo: "Como o feminismo mudou a miña vida". Cando tomas conciencia das diferencias, das desigualdades e da discriminación, xa non podes permanecer cega. Moito se fala das lentes violetas, das lentes lilas, e creo que o feminismo é iso, a outra visión das violencias xerais ante as que non podes quedar indiferente. O feminismo deume esas lentes violetas para ver as violencias, as desigualdades nos dereitos, o medo implícito de andar na rúa ao ser

unha muller pola noite, as diferentes formas de relacionarme co meu corpo, coa miña sexualidade, coas miñas orixes tamén, todo iso creo que conforma o ser feminista reivindicativo, porque tamén entendo o feminismo como espazo de loita, de reflexión, de ideoloxía, de comportamento, como espazo liberador de relacións tóxicas, porque aporta visión de como vincularnos desde o amor e o bo trato.

Creo que o feminismo aborda todo isto desde unha perspectiva inclusiva, para todos e para todas, por iso eu avogo polo feminismo como un espazo vital necesario que inclúe a todas as persoas, para min é un espazo de empoderamento moi grande.

Escolma de cinco mulleres importantes na vida de Jeane

1. A primeira delas sería miña avoa Francis, unha muller practicamente analfabeta que comezou a traballar como telefonista no Concello de Río, cando inda se facían as conexións con cable. Foi unha muller que con 19 anos quedou soa cun bebé (meu pai) ao ser abandonada por meu avó. Din que os toureiros están feitos doutra pasta, pero non a coñecían a ela, ela si que estaba feita doutra pasta. Unha muller moi, moi, moi batalladora. Ensínoume o que era a forza, o ánimo, con sesenta anos comezou a coller cousas para aprender a ler. Era increíble que naquel tempo contrataran mulleres analfabetas para ser telefonistas e que non lles desen ningunha formación. Ela ensinoume que non hai idade para aprender, que o saber non ocupa espazo.

2. Unha segunda é a sexóloga de Nova York, Betty Dodson, que fai talleres de masturbación e ten un libro moi bo que se chama Sexo para unha, que fala sobre a recuperación do corpo pracenteiro, con técnicas diferentes de conexión do pracer. Foi a primeira en facer unha metodoloxía arriscada de masturbación colectiva con mulleres, nas que cada unha tiña o seu espazo para o autoconhecimento. Paréceme unha figura importante para os anos 70: lesbiana, feminista, e que até hoxe segue a facer obradoiros de sexualidade cunha visión interesante do corpo e coa consulta chea como especialista.

3. Nas artes gústame moito Adriana Calcanhotto, unha cantante brasileira que consegue conectar coa música e facer cousas fermosas, por exemplo cunha caixa de mistos, ou que con só unha rede no escenario e balanceándose coa súa viola consegue que todas nos poñamos a chorar, é moi emocionante a forma na que expresa a música, tanto no seu corpo como a través dela mesma.

4. Outra muller que me parece moi interesante nas artes é Lita Cabellut, unha artista de etnia xitana moi polifacética: pintora, escultora e cunha historia de vida bastante conflitiva. Ten unhas obras de impacto emocional inmenso, son moi grandes os seus cadros, nos seus murais capta a mirada, ten esta capacidade das miradas, das texturas, dos materiais que utiliza. A diversidade do seu traballo, a forma de creación e a mirada profunda, fan que o seu traballo me resulte fermoso. Utiliza moito material reciclado e dálle unha volta ás texturas, é completamente diferente do que ves. Rompe esquemas, rompe moldes.

5. E Angela Davis pola súa historia persoal, por seguir no activismo, polo discurso, por ser muller negra, por ser un referente, por como conta e conecta coas diferentes persoas, polo discurso antiracista que é a súa bandeira, e que é un discurso universal, porque a loita antiracista atravesa a todas as persoas que estamos deste lado ou do outro lado do mundo. Agora no Brasil encantoume atopar o movemento de mulleres afrodescendentes que están reivindicando a súa identidade con peluquerías especializadas de cabelo rizado, porque cando eu vivía alí non existían e creo que é froito da loita de mulleres coma ela, que estiveron encarceradas, que seguen facendo un traballo enorme como Mandela, e sen embargo escoitamos tanto de Mandela e dela tan pouquiño, para min é un referente.